

# Unidade didáctica

Autores:

- Julia González Dopazo
- Sergio Nogueira Pato
- Iago Rosón González
- Antonio Villar Nieves

## ■ Título: "Crea e monta o teu corto"

### ■ Contexto

- Tipo de centro: Instituto de Educación Secundaria Lagoa de Antela (público)
- Localización: Rúa Avenida de Ourense s/n Xinzo de Limia
- Situación socioeconómica:
  - Caracterízase por estar encravada en un lugar onde a meirande parte da poboación ten un nivel de vida medio-alto predominando o sector primario.
- Recursos do medio próximo potencialmente utilizables didacticamente:
  - O centro está situado nunha vila, existindo pois unha relación entre a urbe e o medio rural, interaccionando os aspectos sociais propios dunha cidade cos dunha aldea. Permitindo ademais sen grandes problemas obter unha formación moito máis enriquecedora, por medio da relación entre o moderno e o tradicional, o presente e o pasado ampliando unha ampla gama de escenarios, para a posta en práctica de traballos de elevada calidade, onde prime a orixinalidade e a procura de ideas innovadoras por parte do alumnado.

### ■ Introducción e xustificación da unidade

- Materia, curso, características do grupo:
  - Informática
  - 3º ESO
  - Grupo de 24 alumnos entre e 14 e 16 anos (20 teñen 14 anos, 4 teñen 15 e 2 teñen 16 anos). Pode resultar algo conflictivo pola idade na que se atopan os alumnos que forman parte do grupo.
  - As clases impartiranse en 2 sesións semanais de 50 minutos cada unha.
- Importancia da unidade e a súa vinculación co Decreto na etapa e materia correspondente

- Por unha parte trátase de adquirir os coñecementos básicos sobre as ferramentas que facilitan a interacción dos alumnos co contorno. No caso da nosa unidade didáctica:
  - Os alumnos utilizarán unha videocámara para captar todas as imaxes ou escenas que necesiten para o seu corto e que loxicamente atoparán no contorno no que se encontran.
  - Tamén utilizarán internet para buscar todas as imaxes e sons que vaian utilizar no seu corto, así como un programa de edición de vídeo para montar este.
- Que os alumnos comprendan os límites legais e morais que implican a utilización destas ferramentas.
  - Deben ter en conta a hora de realizar esta unidade certos límites legais e morais, por exemplo:
    - Non deben invadir a privacidade de ningunha persoa a hora de captar imaxes ca videocámara.
    - Deben utilizar internet dentro de tódolos límites legais vixentes.
    - Recomendamos que o programa de edición de vídeo que utilicen sexa software libre,(indicamos un en concreto posteriormente) para que non haxa ningún tipo de problema legal cas licencias necesarias para utilizar certo tipo software.

## ■ Ideas e coñecementos previos dos estudantes

- O ser un proxecto que se fará o final do curso, e tendo en conta que no curso se darán as noción básicas do funcionamento dun ordenador, suporemos os seguintes coñecementos dos alumnos:
  - O alumno coñece o funcionamento básico dun ordenador e do seu sistema operativo.
  - O alumno ten soltura usando programas informáticos i é capaz de manexar rapidamente novos programas.
  - O alumno manéxase con soltura en Internet: sabe usar un navegador web e buscadores de internet.
- De tódolos xeitos farase unha proba inicial para asegurarnos de que teñan estes coñecementos. trataremos de que os alumnos con máis dificultades non estean xuntos no mesmo grupo.

## ■ Obxectivos didácticos

- Buscar e seleccionar recursos dispoñibles na rede para incorporalos ás súas propias producións, valorando a importancia do respecto á propiedade intelectual e a conveniencia de recorrer a fontes que autoricen expresamente a súa utilización (2º Obxectivo do Decreto do Currículo de Informática, DOGA N°136, páx. 12168).
- Utilizar periféricos para capturar e dixitalizar imaxes, textos e sons e manexar as

funcionalidades principais dos programas de tratamento dixital da imaxe fixa, do son e da imaxe en movemento e a súa integración para crear pequenas producións multimedia con finalidade expresiva, comunicativa ou ilustrativa (4º Obxectivo do Decreto do Currículo de Informática, DOGA Nº136, páx. 12168).

- Coñecer e valorar o sentido e a repercusión social das diversas alternativas existentes para compartir os contidos publicados na web e aplicalos cando se difundan as producións propias (7º Obxectivo do Decreto do Currículo de Informática, DOGA Nº136, páx. 12168).

## ■ Aportación as competencias básicas

- Tratamento da información e competencias dixitais, é no que se basea principalmente a nosa unidade didáctica, no tratamento da información mediante a utilización de diferentes mecanismos como unha videocámara, un programa de edición de vídeo e na utilización de internet para buscar esta información.
- Competencia cultural e artística, a realización desta unidade didáctica estimula fortemente as capacidades artísticas dos alumnos, xa que teñen que utilizar as súas facultades para decidir e crear o corto que van a montar.
- Autonomía e iniciativa persoal, esta unidade didáctica tamén aporta bastante a iniciativa persoal do alumno, xa que aínda que se trata dun traballo en grupo, cada alumno dentro do seu grupo debe asumir a responsabilidade que lle corresponde a hora de realizar o corto.

## ■ Contidos

- Conceptuais
  - Conceptos básicos dun editor de vídeo (efectos, transicións...).
  - Coñecementos de toma de imaxes (planos, luminosidade...).
  - Coñecemento das diferentes licenzas de distribución das obras culturais.
- Procedimentais
  - Manexo básico dunha videocámara.
  - Manexo do programa de edición de vídeo Kdenlive.
  - Conexión de periféricos ao computador.
  - Obtención de material audiovisual na rede.
  - Publicación de traballos na rede.
- Actitudinais
  - Respecto ás licenzas de distribución dos traballos alleos.
  - Responsabilidade ao difundir imaxes na rede.
  - Traballo en grupo.

## ■ Actividades

1. Captura de imaxes coa videocámara. Dúas semanas antes de comezar con esta unidade,


informaráselle ós alumnos dos contidos da próxima actividade para que poidan comezar a gravar as imaxes que usarán no seu corto. Como complemento proporcionaráselles información sobre os distintos tipos de planos para levar a cabo a gravación.

2. Planificación do corto. O alumnado formará grupos de 4 persoas para decidir a temática, duración, escenario e roles de cada un dos alumnos integrantes do grupo.
3. Procura de imaxes e música en internet. Os alumnos disporán dunha folla con diferentes enlaces para descarga–las imaxes ou música que consideren adecuadas para as súas composicións. Ademais permitiráselle o uso de distintos buscadores como son Google



Con esta actividade fomentarase e coidarase o uso responsable destes recursos e aproveitarase para facer referencias ás diferentes ferramentas para compartir arquivos

como son eMule  ou Bittorrent . Explicaranse as diferentes licencias que protexen as obras na rede e a necesidade de respetalas.

4. Introducción ó programa de edición de vídeos: Kdenlive . Con esta actividade asentarase as bases para o funcionamento do programa de edición de vídeo:
  - Importar imaxes, vídeo e música.
  - Inserir textos.
  - Aplicar efectos, transicións...
  - Manipular o vídeo (cortar, pegar, copiar)
  - Axuntaráselle ós alumnos un manual do programa editor para que poida afondar en calquera das operacións descritas con anterioridade.
5. Composición do corto. O alumno disporá de dous ou tres días para a montaxe do seu vídeo. Daráselle total liberdade para que manexen a ferramenta pero o profesor permanecerá atento para solventar calquera dúbida e supervisará que os alumnos leven a cabo as súas tarefas correctamente. Preténdese que a composición teña unha orde lóxica e coherente, para isto o alumno seguirá as pautas descritas anteriormente.
6. Publica–lo vídeo nun servizo de Internet. Presentaráselle ós alumnos distintos servizos de Internet para publica–las súas composicións. Estes servizos poden ser: YouTube



Estes servizos serán analizados para que o alumno poida aprender a facer a súa publicación e realizaranse distintas observacións para promover un uso responsable de ditos servizos. Unha vez publicados os vídeos cada grupo mostrará o seu traballo aos compañeiros, facendo un breve resumo do proceso que usaron para realizar o vídeo.

7. Actividades extra, dedicadas a considerar situacións especiais dentro da aula:
  - No caso de haber un alumno con capacidades especiais que remate as

actividades propostas antes co resto dos seus compañeiros e en consecuencia todo o seu grupo, permitiráselle elixir ós compoñentes deste grupo entre:

- a. Axudar aos seus compañeiros. Neste caso o mestre seleccionará a que grupo axudarán (sempre ó que se mostre menos avantaxado).
  - b. Afondar nas tarefas desenroladas. Poderán ampliar os seus coñecementos sobre servizos web e/ou buscadores. Todos estes aspectos adquiridos a maiores non serán avaliados.
- No caso de haber un alumno con facultades especiais que non sexa quen de alcanzar os obxectivos propostos e non mostre capacidade de realizar as actividades, seranlle reducidos os requirimentos para supera-las actividades pero deixaráselle participar en todas elas do mesmo xeito co resto dos alumnos para que non se sinta diferenciado. Se temos algún alumno avantaxado proporase que este axude ó alumno con menos capacidades, sempre e cando ambos estean de acordo. Os coñecementos mínimos esixidos neste caso serán consultados cos expertos do colexio. A proposta anterior a esta consulta é:
    - a. Saber que é KDENLIVE, e abrir e cerrar un arquivo de música ou imaxes.
    - b. Coñecer ao menos dous buscadores de internet e poder realizar un manexo básico.
    - c. Coñecer ao menos un servizo de internet e poder dicir para que serve.

## • **Metodoloxía**

- Traballo por proxecto. (a unidade trátase de facer un proxecto)
- Traballo cooperativo. (o traballo faise en grupo)
- Leccións maxistras. (indicacións que se dan para manexar o programa)
- Aprendizaxe por descubrimento. (o traballo require creatividade)

## • **Avaliación do alumnado e do profesor**

- En primeiro lugar realizarase unha avaliación inicial, onde se intentará achar os coñecementos previos do alumnado. Para elo, na primeira clase, pasarase unha enquisa onde se farán cuestións referentes a servizos de internet, buscadores, para saber o nivel de coñecemento dos alumnos con respecto a estes recursos. Xa que no caso de que o alumnado xa teña coñecementos básicos disto, intentarase afondar neles en maior medida.
- Ó longo da realización de todas as actividades descritas con anterioridade o profesor irá comprobando a evolución dos alumnos de maneira non oficial, para non reduci-la avaliación a un exame final. Os alumnos non teñen porqué ser conscientes deste feito e o 50% da nota final dependerá destas observacións.
- Exame final. No exame final avaliaranse coñecementos como:

- Capacidade de organización do grupo e a implicación a nivel individual de cada un dos alumnos. Para isto pediráselle ós alumnos que relaten o papel realizado dentro do grupo e as actividades que levaron a cabo, así como un pequeno resumo do feito polos seus compañeiros. Isto representará un 10% da nota final.
- Coñecementos sobre o programa de edición. Realizaránselle varias cuestións relacionadas co manexo do programa editor de vídeos. Isto representará un 20% da nota final.
- Nocións sobre servizos web. Realizaranse distintas preguntas sobre servizos web, que son, para que serven, políticas de propiedades, todo o tratado durante a unidade. Isto representará un 15% da nota final.
- Pequena avaliación do alumno sobre os traballos dos seus compañeiros, poderán dicir cal é traballo que máis lles gusta e o que consideran que levou máis traballo. Isto representará un 5% da nota final.
- En último lugar os alumnos poderán reflexionar sobre que lles pareceu a actividade didáctica e formular suxerencias. Isto servirá como avaliación do traballo realizado polo mestre.

## • **Materiais e recursos didácticos**

- Cámara de vídeo (para os grupos de alumnos que non dispoñan)
- Aula de ordenadores, con conexión a internet e co software de edición de vídeo Kdenlive instalado.
- Manual de Kdenlive.
- Documento coa explicación dos planos de vídeo.

## ■ **Temporalización**

A unidade está programada para 8 sesións, tendo en conta que cada semana se imparten 2 sesións desta materia, a unidade entenderase durante un mes. O tempo que se dedicará a cada unha das actividades será o mostrado na táboa seguinte:

<b>Actividade</b>	<b>Duración (sesións)</b>
Avaliación inicial	0,5
Planificación do corto	0,5
Captura de imaxes	Actividade para realizar no tempo libre do alumnado
Procura de imaxes/música	1
Introdución a KDENLIVE	2
Composición do corto	3
Publicación do corto	0,5
Avaliación final	0,5

Cabe mencionar que esta temporalización poderá ser modificada en calquera momento sempre e cando o discurso das actividades o requira.

## ■ Organización espacial

- Aula ordinaria: Neste ámbito espacial, procederase a realización da avaliación inicial, as explicacións de índole xeral, ademais de solventar as dúbidas iniciais. É dicir, corresponderase coas xa citadas clases maxistras.
- Medio próximo: A rodaxe do vídeo, poderá ser levada a cabo no entorno do centro escolar, na propia vila ou nos seus arredores, esta, tan so é unha opción, posto que o lugar xeográfico para a rodaxe é libre. Podendo elixir os alumnos a temática e os escenarios que máis lles gusten.
- Aula de informática: A preparación, estruturación e composición do corto realizarase nesta aula posto que se precisa de computadoras e de conexión a internet.
- Salas de exposición: Unha vez concluído o traballo, cada grupo mostrará o resultado do seu mesmo, mediante a exposición do seu corto. Podendo de este modo ser visto polo profesor/a e polos seus compañeiros/as. Este acto, poderá ser albergado pola aula magna, salón de actos, ou calquera outra aula habilitada para este fin.